Ramón Otero Pedrayo (1888-1976)

María Pereira Otero[1]

En decembro de 2025, o Parlamento de Galicia declara por unanimidade este 2026 como Ano Oteriano, é dicir, de Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976), co gallo do cincuenta aniversario do seu pasamento e tamén do centenario da publicación da *Guía de Galicia*, unha das súas grandes obras.

Remataba esta declaración coa seguinte afirmación:

> considerando a transcendencia da súa figura na construción da Galicia moderna, proponse, como recoñecemento e mostra de gratitude do pobo galego, acordar declarar o vindeiro ano 2026 como Ano Oteriano, promovendo actividades de investigación, difusión e posta en valor da súa vida e obra en colaboración coas institucións culturais, educativas e académicas do país.

En efecto, estanse a celebrar múltiples iniciativas arredor da figura e obra de don Ramón, esteo das letras galegas! Mais reparemos no colofón desta declaración: «a transcendencia da súa figura na construción da Galicia moderna». A arela de Ramón Otero Pedrayo e todos os compañeiros da Xeración Nós (1920-1936) e do Seminario de Estudos Galegos (1923-1936) era a construción dun país en igualdade na Europa dos pobos, con lingua e cultura recoñecidas, organización política propia e desenvolvemento económico acorde co que se pretendía. Nada máis consonte cos nosos,

1 Licenciada en Xeografía e Historia, xestora cultural e membro do Consello de redacción de *Encrucillada*.